

Título provisional das ponencias:

Ponencia 1:

Ponencia 2:

Formato das ponencias:

Escrita  Ponencia 1  Ponencia 2   
 Poster

Inscribe as ponencias para presentar en sesión

Sí  No   
 Ponencia 1  Ponencia 2

Medios audiovisuais necesarios u outro comentario:

Formato de presentación:

Oral  Sí  No   
 Audiovisual

## Normas para presenta-las ponencias

Poderán presentalas todos aqueles congresistas inscritos como Poñentes. As comunicacións deberán tratar temas relacionados ca espeleoloxía, espeleobuceo, descenso de canóns ou estudo do carst, preferentemente en Galicia. A aceptación das comunicacións será decidida polo Consello Asesor do Congreso.

O número máximo de comunicacións será de dúas por congresista.

Remitirse á Secretaría do Congreso un resumo, previo ó envío da comunicación, **antes do día 15 de Xuño** en galego o castelán e en calquera outro idioma oficial do Estado Español.

O resumo incluírá o título completo, asinantes, unha breve exposición da ponencia, que non superará as 150 verbas, e o formato da mesma: **comunicación ou póster**.

Unha vez comunicada a aceptación das ponencias, o autor remitirá o texto completo **antes do 15 de Setembro**, cunha extensión máxima de 12 páxinas. Calquera traballo aceptado e presentado con posterioridade non será obxecto de publicación no volume de Actas do Congreso.

O idioma de presentación da comunicación será o galego ou o castelán.

Presentaranse en tamaño DIN-A4 (210x297 Mm.), baixo un formato de procesador de texto (preferentemente en MS Word® para PC), cun marxe esquerdo de 4 cm. e dereito de 2 cm. O tamaño da letra non será inferior a 10. No número total de páxinas se inclúen o resumo, ilustracións, notas e referencias bibliográficas.

O envío da comunicación realizarase en soporte informático (disquete, CD ou DVD) á dirección da secretaria do congreso.

As ilustracións, táboas, fotos, debuxos etc. deberán ter calidade suficiente para a súa reprodución directa e non deberán sobrepasar o tamaño DIN-A4. Os pés de figura ou foto consignaranse en folia aparte, indicando o número de ilustración ou táboa que lle corresponda.

O texto irá precedido polo título da comunicación. En parágrafo aparte, indícase o nome do autor/es, dirección e club ou entidade á que pertencen, se é que quere facelo constar. Despois incluírase un resumo en galego o castelán, e e en calquera outro idioma oficial do Estado Español. Cada páxina irá numerada no ángulo inferior dereito.

Tódalas citas bibliográficas empregadas ao longo do texto relacionaranse ó remate do mesmo e deberán incluír por este orden: Apelidos do autor/es, inicial do nome, ano da publicación, título do libro ou artigo, publicación e editorial que o ten editado, cidade e país.

Os Poñentes que presenten a súa comunicación en formato póster, dotaráselles dun panel máximo de 2,00 por 0.90 m (vertical), dispondo, se así o manifesta, dun tempo determinado para explicalo. A súa montaxe terá que realizala na tarde do día 13 de outubro na Sede do Congreso. Se desexan tamén que se publique nas Actas, deberán axustarse a toda a normativa anterior.

A Comisión organizadora clasificará as ponencias nos apartados: Deportivo ou Científico. Asimesmo, resérvase, no caso de dúbidas, a interpretación das normas anteriores o a no aceptación de traballos cun mínimo de calidade no seu contido para ser publicados.

Os autores das ponencias e comunicacións cederán os seus dereitos de publicación a favor da FGE, podendo está exercitar o dereito de publicación baixo calquera medio, recoñecendo en calquera caso a autoría das mesmas.

Tódolos participantes como poñentes aceptan e se someten a estas normas.

Organiza




FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELOLOXÍA



Colabora



I CONGRESO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA



Primeira Circular

13, 14 e 15 de Outubro  
 O Barco de Valdeorras (Ourense)

## Propósito

Coincidiendo co ano no que celebramos o noso 25 Aniversario como FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA (F.G.E.), organizamos o I Congreso Galego de Espeleoloxía, que se vai levar a cabo na localidade de O Barco de Valdeorras (Ourense), durante os días 13-14 e 15 de outubro.

Para o desenvolvemento do mesmo contamos co apoio do Concello de O Barco, Concellería de Deporte e Xuventude que ten respaldado esta iniciativa como anfitrión deste evento.

O Congreso nace co obxectivo de amosar “algo máis que deporte-ciencia”, desenvolvendo un amplo abano de actividades: ponencias, mesas redondas, exposicións, certame fotográfico e talleres informáticos.

Todo elo co fin de dar a coñecer os avances deportivos e científicos que se teñen producido no contorno espeleolóxico, especialmente en Galicia. Servindo como foro de diálogo, unión e intercambio de ideas.

Esperámosvos a todos, neste noso I Congreso: espeleólogos, clubs, técnicos ou investigadores, a cita é en Valdeorras ...

A Comisión Organizadora

## Modalidades de participación

**Federados:** espeleólogos en posesión da Licenza da Federación Española de Espeleoloxía (F.E.E.), ou licenza habilitada de calquera Federación Autonómica.

**Non federado:** espeleólogos ou investigadores do carst que non pertencen á F.E.E.

## Actividades complementarias

**Talleres espeleoTIC06'**, tecnoloxías da información e as comunicacións (audiovisuais; cartografía e topografía, fotografía dixital e fontes de información dispoñibles na rede). Os participantes deberán dispor do seu propio PC (ver circular específica).

**Certamen Galego de Fotografía y Audiovisuais Espeleolóxicos.** (ver circular específica).

**Stands**, para Clubes da FGE e Casas Comerciais (ver circular específica).

**Exposiciones y proyecciones** sobre a Espeleoloxía e o Descenso de Canóns.

## Información

Secretaría do I Congreso Galego de Espeleoloxía  
Apdo. Correos, 448 - 15080 A CORUÑA (España)  
Telef./Fax: +34.981.291.087

congreso@espeleoloxia.org

www.espeleoloxia.org

## Cotas e prazas de inscripción

		Datos de inscripción		
		Antes do 15 de Xuño		Despois do 15 de Xuño
		Federados Galicia	Resto	Todos
Federado	Participantes	20 € •	30 €	40 €
	Acompañantes	45 € •	20 €	30 €
	Adheridos	10 €	15 €	20 €
	Poñentes	0 €	0 €	Non admitida
No Federado	Participantes		35 €	50 €
	Acompañantes		25 €	40 €
	Adheridos		20 €	30 €
	Poñentes		0 €	Non admitida

• As inscricións dos federados galegos recibidas antes do 15 de xuño serán subvencionadas integralmente pola FGE.

## Dereitos que conleva

	Recibe documentación	Presenta ponencia	Participa actividades	Recibe Actas
Participantes	Sí	No	Sí	Sí
Acompañantes	No	No	No	Sí
Adheridos	No	No	Sí	No
Poñentes	Sí	Sí	Sí	Sí

## Formas de pagamento

- Talón nominativo a nome da Federación Galega de Espeleoloxia-Ref. I Congreso FGE
- Transferencia bancaria a C/C Caixa Galicia - 2091-0000-33-3040093580

## Datas límite

15 de Xuño	Envío dos resumos (comunicación ou poster)
15 de Xuño	Inscrición Federados Galicia (cota subvencionada)
15 de Xuño	Solicitud de Stands para Clubes FGE e casas comerciais.
15 de Xuño	Reserva de Aloxamento no Pavillón de Deportes de O Barco, prazas limitas.
10 de Setembro	Envío de fotos e audiovisuais para o certame.
15 de Setembro	Envío de ponencias escritas, aceptadas.
15 de Setembro	Inscrición nos Talleres espeleoTIC06

## Aloxamento

A organización ofrece ós asistentes inscritos a posibilidade de utilizar as instalacións do Pavillón Municipal de O Barco de xeito gratuito para pernoctar (necesario traer equipo de acampada). Calquera outra modalidade de aloxamento será xestionada polos asistentes.

Secretaría do I Congreso Galego de Espeleoloxía  
Apdo. Correos, 448  
15080 A CORUÑA (España)

Nome e apelidos do participante\* \_\_\_\_\_  
DNI\* \_\_\_\_\_ Domicilio\* \_\_\_\_\_  
CP\* \_\_\_\_\_ Localidade\* \_\_\_\_\_  
Telefono\* \_\_\_\_\_ Correo electrónico\* \_\_\_\_\_  
Entidade\* \_\_\_\_\_  
Nome e apelidos del acompañante \_\_\_\_\_  
DNI \_\_\_\_\_  
Data: \_\_\_\_\_  
Sinatura: \_\_\_\_\_

Talón nominativo  
 Transferencia bancaria

Xustificante do pagamento (axuntar copia con ista inscrición)

En conformidade con a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD), los datos suministrados por el usuario son recabados con la finalidad de poder atender su inscripción en el I Congreso Galego de Espeleoloxía. Los datos serán tratados en el ámbito de la competencia de la Federación Galega de Espeleoloxía para poder llevar a cabo una planificación. La Federación Galega de Espeleoloxía no cedará los datos a terceros, y procederá a su cancelación cuando la finalidad para la cual han sido recogidos se da por finalizada por parte de la Federación. Podrá ejercitar sus derechos enviando un correo electrónico a la Federación Galega de Espeleoloxía.

Xeito de participación\*:  
 Participante  
 Adherido  
 Poñente  
 Participa con acompañante

Desexaría:  
 Participar no Taller espeleoTIC06'  
 Reservar praza no Pavillón Deportes



I CONGRESO GALEGO DE  
**ESPELEOLOXÍA**